

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

ORDE do 23 de xaneiro de 2014 pola que se declara, de xeito definitivo, como espazo natural de interese local o espazo Puzo do Lago, no concello de Maside.

A Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza, recoñece os espazos naturais de interese local (ENIL) como unha das categorías en que se clasifican os espazos naturais protexidos. O artigo 17 desta lei establece que por petición do concello e logo dos informes perceptivos pertinentes, a consellería competente en materia de conservación da natureza poderá declarar como espazos naturais de interese local aqueles espazos integridos no seu termo municipal que polas súas singularidades sexan merecedores dalgún tipo de protección dos seus valores naturais.

A declaración dun espazo natural de interese local é competencia da consellería competente en materia de conservación da natureza, mentres que a responsabilidade e competencia da súa xestión será municipal. Así mesmo, a declaración dun espazo natural de interese local non comporta a súa inclusión na Rede galega de espazos naturais protexidos, nin implicará a asignación de recursos económicos da Xunta de Galicia para a súa xestión e conservación.

A regulación dos espazos naturais de interese local recollida na Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza, foi desenvolvida polo Decreto 124/2005, do 6 de maio, polo que se regulan a figura do espazo natural de interese local e a figura do espazo privado de interese natural. O artigo 4 deste decreto recolle a posibilidade que ten a consellería competente en materia de conservación da natureza de declarar, de xeito provisional, un espazo natural de interese local por un prazo non superior a dous anos, debendo presentar dentro deste prazo os promotores, como requisito imprescindible para a declaración do espazo natural de interese local, o plan de conservación deste espazo.

Mediante a Orde do 30 de xaneiro de 2009 declarouse de xeito provisional como espazo natural de interese local Puzo do Lago (DOG nº 25, do 5 de febreiro), localizado no concello de Maside (Ourense).

Durante a declaración provisional, e como requisito imprescindible para a súa declaración definitiva, o Concello de Maside debía presentar ante a consellería competente o plan de conservación do espazo, o que fixo ante a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas o pasado 1 de xullo de 2011.

O incumprimento do prazo de dous anos establecido no Decreto 124/2005, do 6 de maio, comportou, con carácter automático e desde a data de vencemento do citado prazo



(6 de febreiro de 2011), a extinción dos efectos da declaración provisional, por entender desistido na súa pretensión o Concello de Maside.

O plan de conservación presentado é conforme cos contidos mínimos referidos no artigo 38 da lei, e desenvolvidos polo Decreto 124/2005, do 6 de maio, establecendo o réxime de uso e as actividades permisibles, así como as limitacións que se consideren necesarias para a conservación do espazo, polo que tras a realización dos trámites referidos elevaráselle ao Consello da Xunta de Galicia para a súa aprobación mediante decreto, en cumprimento do artigo 40 da Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza.

O ENIL Puzo do Lago comprende unha superficie de 30,60 ha, incluíndo terreos clasificados como dominio público hidráulico.

A declaración como ENIL non implicará a cesión do dominio público nin a súa utilización significará a cesión das facultades demaniais da Administración do Estado.

A presente orde ten por obxecto declarar, de xeito definitivo, o lugar de Puzo do Lago, no concello de Maside, como espazo natural de interese local, unha vez constatadas as singularidades que presenta este espazo natural que o fan merecente da protección dos seus valores naturais e despois da presentación do correspondente plan de conservación.

Polo exposto, no uso das atribucións que me confire o artigo 34.6 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Primeiro. *Declaración da perda da condición de espazo provisionalmente protexido do espazo natural de interese local Puzo do Lago*

Declárase, de conformidade co establecido no artigo 42.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a perda da condición de espazo provisionalmente protexido do espazo natural de interese local Puzo do Lago, por entender desistido da súa pretensión o Concello de Maside, con efectos desde o 6 de febreiro de 2011.

Segundo. *Declaración definitiva de Puzo do Lago como espazo natural de interese local*

Declárase espazo natural de interese local o espazo Puzo do Lago, no concello de Maside (Ourense), por proposta deste concello.



Terceiro. Límites

A extensión e os límites do espazo natural de interese local de Puzo do Lago son os sinalados no anexo desta orde.

Cuarto. Xestión

Será responsabilidade e competencia do Concello de Maside a xestión do espazo natural de Puzo do Lago, de acordo co Plan de conservación aprobado polo Consello da Xunta de Galicia.

Quinto. Efectos

1. A declaración definitiva de Puzo do Lago como espazo natural de interese local non comporta a súa inclusión na Rede galega de espazos naturais protexidos.

2. A declaración definitiva de Puzo do Lago como espazo natural de interese local non implicará a asignación de recursos económicos da Xunta de Galicia para a súa xestión e conservación.

3. Con posterioridade á tramitación e aprobación desta orde procederase á aprobación do correspondente plan de conservación, aprobación que deberá ser realizada polo Consello da Xunta de Galicia, en cumprimento do artigo 40 da Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza.

Sexto. Extinción

1. Mediante orde da persoa titular da consellería competente en materia de conservación da natureza poderase poñer fin aos efectos da declaración definitiva de Puzo do Lago como espazo natural de interese local se desaparecen as causas que motivaron a protección deste espazo e non son susceptibles de recuperación ou restauración.

2. A consellería competente en materia de conservación da natureza poderá iniciar expediente para retirar a condición de espazo protexido no caso de que non se cumpran as finalidades de conservación recollidas na declaración do espazo, ou se detecta desviacións importantes respecto ao plan de conservación aprobado.


A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2014

Agustín Hernández Fernández de Rojas
Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas




ANEXO
Límites do espazo natural protexido



ESPAZO NATURAL DE INTERESE LOCAL PUZO DO LAGO (MASIDE)

 XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

 Límite do espazo

SUPERFICIE (HA): 30,6

0 25 50 100 150 200
Metros

CVE-DOG: 014yb2j3-tb47-qjj5-izf7-vjrvs7gak8w5

